

SUSO DE TORO

Suso de Toro regresa hoxe mesmo ás librerías cunha das obras máis esperadas da temporada: *Madeira de Zapatero*, a particular achega do escritor galego a un dos seus ídolos políticos, o presidente español. O libro amósanos a vea periodística do autor de *Tic-Tac*, un xénero onde probablemente a súa prosa acada unha maior intensidade na vontade de De Toro por intervir activamente na sociedade. Nacido hai algo máis dun ano, cando De Toro queda seducido polo presidente e as súas decisións máis admiradas (retirar as tropas de Iraq, legalizar o matrimonio homosexual, o seu compromiso coa esquerda...), *Madeira de Zapatero* –publicado por Xerais en galego– foi revisado polo propio protagonista destas páxinas e, segundo o escritor, non lle fixo ningún tipo de comentario, nin positivo nin negativo. Agora os lectores serán os encargados de xulgar un libro tan apaixonado como necesario nestas épocas de crispación e bulos mediáticos.

